



PLAN RENOVE DE ELECTRODOMÉSTICOS 2009

NOVO
2009

OBXECTIVO

O Plan Renove de Electrodomésticos está incluído no Programa IDAE-INEGA 2009 de Axudas Públicas a Investimentos en Eficiencia Enerxética dentro do Plan de Acción 2008-2012 da E-4.

O fin deste plan é o de fomentar a **redución do consumo de enerxía eléctrica** no sector doméstico, a través da substitución de electrodomésticos antigos por equipos con etiquetado enerxético de clase A ou superior, de mellor nivel de eficiencia enerxética.

BENEFICIARIOS

Estas axudas están destinadas a persoas físicas ou xurídicas residentes na Comunidade Autónoma de Galicia que, como máximo, substitúan un único electrodoméstico de cada tipo (frigoríficos, conxeladores, lavadoras, lavalouzas, fornos e placas) por outros con **etiqueta enerxética de clase A ou superior**.

SOLICITUDES

O **prazo de presentación** das solicitudes de axuda permanecerá aberto **dende o 5 de outubro de 2009 ata o día 30 de outubro de 2010** ou ata que se esgote o orzamento destinado a esta finalidade e que ascende a 4.000.000 €.

MAIS INFORMACIÓN:

O Inega habilitou tres teléfonos para aclarar calquera tipo de dúbida sobre o Plan Renove de Electrodomésticos. Os números son: 981 957 146, 981 541 505 e 981 957 275.

[Documento Completo do Plan Renove 2009 \[PDF\]](#)